

Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións; de non presentarse en tempo e forma o proxecto entenderanse definitivamente aprobado.

Friol a 23 de xullo de 2012.- O Alcalde, Antonio E. Muíña Pena.

R. 3030

GUITIRIZ

Anuncio

Sendo aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en sesión de data 30/05/2013 a modificación da "Ordenanza fiscal reguladora taxa pola prestación do servizo público de axuda no fogar", e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública e non presentándose alegacións, considérase aprobada definitivamente e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 17 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 107.3, da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contra o presente acordo de aprobación do regulamento, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter definitivo é o seguinte:

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR MODIFICADA"

ARTIGO 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 e seguintes do Rd. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA A DOMICILIO.

ARTIGO 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación polo Concello do Servizo Público de Axuda a Domicilio.

ARTIGO 3. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades as que se refiren o artigo 36 da Lei Xeral Tributaria e 23 do Rd. Legislativo 2/2004, que se benefician das actividades de axuda a domicilio.

ARTIGO 4. Base imponible

A base imponible deste tributo calcularase en función do IPREM considerando este polo importe íntegro anual.

ARTIGO 5. Cota Tributaria.

A cota tributaria da presente taxa establécese en 8€uros/hora de prestación do servizo. Sen embargo, as tarifas graduaranse segundo o sinalado no apartado anterior, de acordo co previsto no Regulamento Municipal de Axuda a Domicilio. En calquera caso establecerase un límite máximo de capacidade económica das persoas usuarias dun 40% da súa capacidade económica.

ARTIGO 6. Devengo e período impositivo.

A taxa, na primeira utilización do servizo, devengarase no momento de autorizar a prestación da axuda polo órgano competente prorrateándose por días efectivos de prestación de servizo. Nas axudas xa concedidas, devengarase o primeiro día de cada mes par.

ARTIGO 7. Liquidación e ingreso.

Deberase acreditar a domiciliación bancaria dos abonos mensuais no momento de formular a solicitude.

A efectos da liquidación da taxa, polos Servizos Sociais elaborárase un padrón ou lista cobratoria bimensual, na que se reflectan as incidencias ou alteracións respecto do bimestre anterior. Unha vez aprobada, a devandita listaxe será obxecto de publicación no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ARTIGO 8. Normas de xestión.

1. A presentación das solicitudes, documentación esixible, así como o cálculo dos ingresos, regularase segundo o disposto na Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio.
2. Polos técnicos de Servizos Sociais, ademais do informe correspondente, engadirase o tipo de prestación e a tarifa a aplicar.
3. A forma de prestación do servizo, a súa autorización ou cese, así como a prórroga, regularase de acordó co disposto na Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda a Domicilio.
4. A baixa da prestación surtirá efectos no derradeiro día do mes en que se peticione ou se declare de oficio.
5. Unha vez ó ano (entre os meses de xaneiro e marzo), solicitarase dos beneficiarios do servizo a documentación necesaria na que se reflecta a súa situación económica actual co obxecto de actualizar as tarifas e, no seu caso, practicar a nova liquidación tributaria."

Guitiriz, 19 de xullo de 2013.- O ALCALDE, Xosé Mª Teixido Nuñez

R. 3031

LUGO

NOTIFICACION EDICTAL DE RESOLUCIÓN DESESTIMATORIAS DE RECURSOS DE REPOSICIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (BOE, de 27 de Novembro de 1992), fanse públicas as notificacións das resolucións desestimatorias dos recursos de reposición presentados aos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, ésta non se puido practicar.

Estas resolucións son firmes en vía administrativa, e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a esta publicación.

O órgano Instructor do Procedemento é a Unidade de Sancións da Policía Local de Lugo e órgano competente para a súa resolución o Excmo.Sr.Alcalde, de conformidade co disposto no art.71.4 da Lei de Seguridade Viaria.

Os correspondentes expedientes obran na Unidade de Sancións Policía Local de Lugo, Rúa Río Neira, nº 27 baixo.- Lugo.

O que se publica para coñecemento dos interesados.

Lugo, a 24 de xullo de 2013.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco

Expediente	Matrícula	Nif/Cif	Apellidos/Nome infractor	Municipio	Data/Hora	Art/Lei	Puntos	Importe
2012-S-0001191	3494HCD	44550257Q	CID MAYOR IGNACIO	IRUN	29/09/12/18:49	146/CIR	4	200

R. 3034

Anuncio

NOTIFICACIÓN EDICTAL DE RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 y 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (BOE, de 27 de Novembro de 1992), faise pública notificación da resolución dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este